

Módulo: Apoio psicológico en situacións de emerxencia. UD_2

1. Identifica que tipo de mecanismo de defensa se produce en cada unha das seguintes situacións:

SITUACIÓN	MECANISMO DE DEFENSA
1. Juan é rexeitado nunha entrevista de traballo. Cando sae da entrevista pensa: “No fondo non me interesaba, o horario era malísimo”	
2. María, unha profesional sanitaria levase indebidamente material de cura do hospital onde traballa e explica “Calqueira no meu lugar faría o mesmo”	
3. O equipo de técnicos que acude a un accidente colle unha vía venosa periférica a un recién nacido que está chorando, e María, que está de prácticas, pensa que o fai con aparente frialdade.	
4. Luisa, paciente adicta á heroína cre que o seu non é adicción xa que “pode deixalo cando queira”	
5. Nunha reunión familiar, a anfitriona discute sobre un tema con un invitado, chegando a unha situación límite, pero para a conversa por medo a ofendelo. Minutos despois, na cociña, a muller regaña de xeito moi esaxerado ao seu fillo por terse equivocado de estantería ao colocar un bote.	
6. Un paciente xoven, atendido polos TES tras un coma hiperosmolar quere estudar o ciclo de técnico sanitario en emerxencias porque lle encantou como lle cuidaron e trataron.	
7. A Luis, un neno de 13 anos lle comeza a gustar María, unha nena da súa clase. Sin embargo, éste métese continuamente con ela.	
8. Jaime, un paciente alcohólico acude a consulta co médico e lle conta que “eu non son alcohólico, bebo o normal”	
9. Xavi, de 9 anos, leva controlando esfínteres dende os 3. Fai uns meses súa nai e seu pai separáronse. Non o leva nada ben. Fai un mes que comezou a precisar cueiro polas noites.	

10. Un paciente é diagnosticado dun cancro terminal de páncreas. Sin embargo, négase a aceptar que a súa vida chegou ao seu fin e vaise a Houston en busca de unha segunda opinión.	
11. María celebra unha cea na súa casa e a empada non está nada rica. En lugar de recoñecelo, comeza a poñer excusas (que lle chamaron ao timbre e se lle queimou a masa, que a levadura non estaba en bo estado...)	

2. Indica dúas diferenzas entre as situacións de crise e trauma:

3. Ordea, de maior a menor gravidade estas tres situacións: Crise, tensión, trauma.

4. Indica e xustifica unha situación na que experimentases:

- **Un estrés positivo:**
- **Un estrés básico:**
- **Un estrés acumulativo:**

5. Indica, no seguinte caso, como se clasifican as persoas afectadas, según a súa implicación no suceso:

Como moit@s sabedes, o ano pasado houbo un Incidente de múltiples vítimas no Ricardo Mella, no edificio de sanitaria.. De repente, o teito do 1º andar desplomouse e todo volveuse escombros e fume.

Foi en horario escolar, pola tarde, polo que o centro estaba cheo de alumnos. Concretamente o derrubamento produciuse na aula de 1º de emerxencias sanitarias. Nese momento había 18 alumn@s na aula, máis unha profesora substituta. Ana, a profe titular, estaba eses días disfrutando dunha beca ERASMUS para profesores.

Camilo, un home de 75 anos, que paseaba por enfrente ao instituto sentiu un ruído e viu que saía fume. Inmediatamente chamou ao 112.

Hoxe en día, coas RRSS xa sabedes que toda a información voa, polo que, aos 15 minutos o teléfono de conserxería non facía máis que soar, coas chamadas dos familiares do alumnado matriculado no instituto.

Os primeiros intervinientes en chegar ao centro foron unha ambulancia de soporte vital avanzado.

A pesar da magnitude do suceso, non houbo que lamentar vítimas mortais. Aínda así, ao alumnado de todo o centro non hai quen lle quite o medo do corpo. Os seguintes días o ambiente na cafetería non era o de sempre...

Indica cales foron as vítimas de:

Primeiro grao:

Segundo grao:

Terceiro grao:

Cuarto grao:

Quinto grao:

Sexto grao:

6. As reaccións das persoas ante unha situación de tensión e/ou crise, son diferentes, xa que dependen de varios factores. Identifica eses factores no seguinte exemplo:

Exemplo:

Daryna é unha rapaza ucraniana, de 12 anos, que vive en Porriño dende xuño de 2022. Viu coa súa nai, escapando do conflito no seu país, no que o seu pai e o seu irmán de 19 anos perderon a vida.

O outro día estaba facendo a compra no supermercado e, de repente, escoitou un ruído inmenso e sentiu que o teito lle caía enriba.

A xente comezou a berrar e a correr entre os escombros, presa do pánico.

Daryna sufriu un ataque de ansiedade.

Afortunadamente non se produciron perdas humanas, só feridos leves.

Ao chegar os servizos de emerxencias ao lugar do suceso, nun primeiro lugar fan unha triaxe básica e, tras decatarse de que só hai feridos leves, o TES focaliza a atención en Daryna: trasladaa a unha zona segura, lonxe do escenario. Mirándolle á cara, comeza facéndolle preguntas básicas (como te chamas? como te sintes? sabes o que sucedeu?). Nese momento, considera oportuno collerlle unha man para darlle a entender que non está soa.

7. Pon un exemplo de TOC. Indica cal é a obsesión e cal a compulsión.

8. Define as seguintes fobias:

- **Claustrofobia:**

- **Tanatofobia:**
- **Acrofobia:**
- **Tripofobia:**
- **Nictofobia:**
- **Amaxofobia:**

9. Clasifica as seguintes manifestacións do estrés según corresponda (pon unha cruz no recadro correspondente):

MANIFESTACIÓN	FISIOLÓXICA	MOTORA	COGNITIVA	EMOCIONAL
Taquicardia				
Ira				
Bloqueo mental				
Diarrea				
Tics				
Sequedad bucal				
Irritabilidade				
Baixo nivel de concentración				
Palidez				
Tatexo				
Baixa autoconfianza				
Culpabilidade				
Falta de coordinación				
Tristeza				